## DECRETO CONCESIÓN SUBVENCIÓN

-Visto que con data 8 de novembro por Providencia de Alcaldía considerouse conveniente efectuar a convocatoria para a concesión de subvencións municipais para investimentos destinados a colectivos de interés veciñal(asociacións veciñais, asociacións culturais, comunidades de montes), para a realización de investimentos tanto de obra como de equipamentos durante o ano 2019.Importe máximo da subvención 10.000€, 80%do investimento realizado cun límite por entidade de 3.000€ para a realización das obras e de 1.500€ para a dotación de equipamentos.

-Visto informe emitido polo asesor xurídico de data 10 de novembro de 2018.

-Visto que se emitíu informe do Interventor accidental sobre a existencia de crédito para o atención do gasto derivado da concesión de devanditas subvencións e efectuouse a pertinente retención do crédito dispoñible.

-Visto que por Resolución de Alcaldía número 2019-3929 de data 11 de novembro de 2019, aprobouse a convocatoria para a concesión das devanditas subvencións polo procedemento de concurrencia competitiva.

-Visto que no BOPPO núm. 220, de data 15 de novembro, foi publicado o estracto da convocatoria adquirindo plena eficacia e abríndose o prazo de presentación de solicitudes dende o 16 ata o 22 de novembro.

-Vista a acta da comisión de valoración de data 12 de decmbro de 2019.

-Detectado un erro material no Decreto 2019-444.

De conformidade coas atribucións e facultades conferidas na lexislación vixente esta alcaldía

### RESOLVE

**-PRIMEIRO.**-Excluír as seguintes asociacións: **Asociación Cultural San Nicolás de Prado(G36034452), Asociación do Centro Cultural de Fozara(G94044500) Asociación de Veciños de San Vicente de Canedo(G36376374)e a Fundación Musical de xinzo(G94159480)** por ser beneficiarias doutras axudas municipais no presente ano e tal como regulan as Bases desta convocatoria no párrafo 5.2..”*Non poderán acollerse a esta convocatoria ás que conten con subvencións nominativas do Concello de Ponteareas no presente ano 2019, as comunidades de usuarios de traídas veciñais de auga e as entidades deportivas que poideran acollerse ás súas convocatoria específicas, así como as asociacións que foran beneficiarias no presente ano 2019 doutras axudas municipais, cultura, entidades de interese social, etc”.* En particular a Fundación Musical de Xinzo é excluida porque segundo a ORDE do 28 de febreiro de 2018 pola que se clasifica de interese cultural a Fundación Musical de Xinzo, dita Fundación constituíuse en escritura pública **outorgada** en Ponteareas o 11 de xullo de 2017, ante o notario Álvaro Lorenzo Fariña Domínguez co



Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647

XOSÉ REPRESAS GIRALDEZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 16/12/2019
HASH: e02ee9d1539c91531e2ef974ddbca85a

Selo de Órgano Secretaría (2 para 2)
Concello de Ponteareas
Data de Sinatura: 16/12/2019
HASH: 3fb63afa18ff0f17d40ecf62aa591233

DECRETO
Número: 2019-4453 Data: 16/12/2019

Cod. Validación: 5DRNZJAZCS23JYWCF6YRXSJY7 | Corrección: http://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

número de protocolo 1734, **pola Asociación Banda de Música Xuvenil de Xinzo,** asociación que conta cunha subvención directa para o ano 2019. Por conseguinte, estando a Fundación constituida pola Asociación xa subvencionada, se estaría desvirtuando aquel artigo por medio dese subterfuxio o que constituiría unha fraude de lei, a salvo que se acredite o contrario.

**SEGUNDO.-Excluír as seguintes asociacións: Comunidades de Montes en Man Común de Bugarín(V36161149), Comunidade de Montes en Man Común de Arnoso(V36129237), Comunidade de Montes en Man Común de Celeiros (V36122588), por que a súa petición non corresponde coa finalidade desta convocatoria,** por que tal como establecen as citadas bases no terceiro párrafo poderan ser beneficiarias das subvencions convocadas as asociacions de vecinos, asociacions culturais e comunidades de montes, para a realizacion de investimentos, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da sua titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso, caminos vecinais, etc. e coa finalidade de mellorar a prestacion dos servizos de interese vecinal analogos aos encadrados como servizos basicos municipais na lexislacion.

**TERCEIRO**: **Excluír a Asociación Cultural Sta. Mariña de Pías (G94193943)** por que presentou a solicitude fisicamente e según establece a Ley 39/2015, artículo 14,de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Teñen a obligación de relacionarse a través de rexistro electrónico. A pesar de ser avisados telefonicamente non subsanaron a solicitude.

**CUARTO.** Aprobar a valoración das restantes solicitudes de acordo coas bases, quedando establecida tal como se reflexan na segunite tabla:

## VALORACIÓN ENTIDADES VECIÑAIS SUBVENCIÓN 2019

| Solicitante | CIF | Ptos. Membros | Ptos. Beneficiarios | Ptos. Necesidade urxencia | Finalidad e investimento | Total Pts |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Asociación Cultural e deport. de Parada | G94192010 | 6 | 8 | 3 | 6 | 23 |
| CMVMC De Arcos | V36146520 | 3 | 8 | 3 | 7 | 21 |



DECRETO
Número: 2019-4453 Data: 16/12/2019

Cod. Validación: 5DRNZJAZCS23JYWCF6YRXSJY7 | Corrección: http://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

| Solicitante | CIF | Ptos. Membros | Ptos. Beneficiarios | Ptos. Necesidade urxencia | Finalidade investimento | Total Pts |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CCMM De Pías | V36051399 | 3 | 8 | 3 | 6 | 20 |
| CMVMC De San Mateo | V36284545 | 3 | 8 | 3 | 6 | 20 |
| Asociación de Veciños de San Mateo | G36149227 | 4 | 6 | 3 | 6 | 19 |
| Asociación de veciños de Fozara | G36350999 | 4 | 8 | 3 | 3 | 18 |
| Asociación Cultural de San Mateo | G36596708 | 6 | 8 | 3 | 0 | 17 |
| A VV Piñeiro Manso de Celeiros | G36383156 | 1 | 2 | 3 | 9 | 15 |
| Centro Artístico Sportivo | 35554607B | 4 | 8 | 3 | | 15 |
| AAVV De Pías | G36413128 | 3 | 8 | 3 | | 14 |
| AAVV San Salvador de Padróns | G36544708 | 4 | 2 | 3 | 4 | 13 |
| Centro Cultural Santiago de Oliveira | G36485654 | 3 | 4 | 3 | | 10 |

**QUINTO:** Aprobar a listaxe de actuacións subvencionables e a listaxe de reserva, as cales quedarán para ser atendidas co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados tal como se reflexa nas seguintes tablas, advertindo que as asociación beneficiarias desta subvención deberán dispor dos permisos sectoriais necesarios .

## LISTAXE SUBVENCIÓN CONCEDIDA ENTIDADES VECIÑAIS 2019

| INTERESADO | CIF | Importe concedido<br>80%do solicitado.<br>Máx. 3000-Obra Máx.1500-Sumint. | OBRA | Investimento |
|---|---|---|---|---|



Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647

DECRETO
Número: 2019-4453 Data: 16/12/2019
Cod. Validación: 5DRNZJAZCS23JYWCF6YRXSJY7 | Corrección: http://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Asociación Cultural e deportiva San Pedro de Parada | G94192010 | 2.323,20 | 2.904,00 | 0,00 |
| CMVMC De Arcos | V36146520 | 3.000,00 | 4.507,25 | 0,00 |
| CCMM De Pías | V36051399 | 1.023,28 | 1.279,10 | |
| CMVMC De San Mateo | V36284545 | 3.000,00 | 3.751,00 | 0,00 |
| Asociación de Veciños de San Mateo | G36149227 | 653,52€* ata crédito dispoñible. | | 2988,70* |

*Queda pendente de subvencionar 846,48€.

## LISTAXE DE RESERVA SUBVENCIÓN ENTIDADES VECIÑAIS 2019

| INTERESADO | CIF | OBRA | INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|
| Asociación de Veciños de San Mateo | G36149227 | | 846,48* Crédito pendente do total concedido |
| Asociación de veciños de Fozara | G36350999 | 6.250, | |
| Asociación Cultural de San Mateo | G36596708 | 1.754,50 | 1.647,07 |
| A VV Piñeiro Manso de Celeiros | G36383156 | 1.413,22 | |
| Centro Artístico Sportivo | 35554607B | 3.000,00 | |
| AAVV De Pías | G36413128 | | 588,00 |
| AAVV San Salvador de Padróns | G36544708 | 1.419,89 | |
| Centro Cultural Santiago de Oliveira | G36485654 | 13.987,60 | |

**CUARTO:** Notificar a presente Resolución aos interesados con indicación dos recursos que resulten procedentes según o establecido nas citadas Bases de Subvencións destinadas a colectivos de interese vecinal de Ponteareas (Asociacións Veciñais, Culturais, Comunidades de Montes) para o ano 2019.

**QUINTO:**. Trasladar este acordo os departamentos de Intervención e Tesourería Municipal



DECRETO
Número: 2019-4453 Data: 16/12/2019

Cod. Validación: 5DRNZJAZCS23JYWCF6YRXSJY7 | Corrección: http://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

**SEXTO:** Ordenar a publicación da concesión das subvencións na sede electrónica do Concello de Ponteareas http://ponteareas.sedelectronica.gal e na páxina Web: www.ponteareas.gal

**RECURSOS.-** Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados, ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou e no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da sua notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 112.1 e 123 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, poidendo entón os interesados interponer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consorte ó establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, regulamentadora da xurisdicción contenciosa administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez
(Documento asinado electronicamente)



Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647

DECRETO
Número: 2019-4453 Data: 16/12/2019
Cod. Validación: 5DRNZJAZCS23JYWCF6YRXSJY7 | Corrección: http://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5